

## Concello de Covelo

Exp.92/2024

Procedemento: Actividades ou Cursos

### DECRETO DA ALCALDÍA

#### VIII PLAN DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE COVELO 2024.

As administracións públicas deben por en marcha medidas e actuacións concretas que teñan coma obxectivo, atender e mellorar a protección ante a perda de emprego, a eficacia na intermediación e recolocación dos/as desempregados/as e potenciar as medidas que fomenten a creación de emprego e a mellora da calidade das condicións laborais, con especial atención a formación a o longo da vida.

Con este obxectivo o Concello de Covelo proxecta desenvolver durante o ano 2024, o VIII Plan Municipal de Formación para o Emprego no que recollen distintas accións formativas destinadas a mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción no mercado de traballo das persoas desempregadas do noso municipio de Covelo. Nesta terceira fase está previsto impartir 3 cursos.

Por iso, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización de Intervención, **DISPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a 3ª Fase do VIII Plan Municipal de Formación para o Emprego para o ano 2024 que recolle o desenvolvemento das seguintes accións formativas:

- **CURSO DE INGLÉS XERAL COMERCIO E TURISMO**
  - o Total xornadas: 16 xornadas de 2 horas (32 horas totais).
  - o Duración do curso: do 1 de outubro ó 21 de novembro 2024 (**martes e xoves**).
  - o Horario: de 20.00 h a 22.00 h
  - o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do concello de Covelo.
  - o Número máximo de alumnos: 15.
  
- **CURSO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.**
  - o Total xornadas: 5 horas .
  - o Duración do curso: o día **11/10/2024**.
  - o Horario: de 16:00 horas a 21:00 horas.
  - o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do concello de Covelo.
  - o Número máximo de alumnos: 15.
  
- **CURSO DE VENDA EN SUPERMERCADO.**
  - o Total xornadas: 8 xornadas de 4,5 horas (36 horas totais) .
  - o Duración do curso: do 4 ó 27 de novembro 2024. (**luns e mércores**)
  - o Horario: de 16:00 horas a 20:30 horas.
  - o Lugar de impartición: Sala multiusos do edificio usos múltiples do concello de Covelo.
  - o Número máximo de alumnos: 15.

**SEGUNDO.-** Aprobar condicións de participación e as bases de selección dos participantes no VIII Plan Municipal de Formación para o Emprego 2024, que son as seguintes:

#### 1. OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado dos cursos de formación, preferentemente para desempregados/as, encadrados dentro do VIII Plan Municipal de Formación para o Emprego 2024.



## Concello de Covelo

---

### 2. ESPECIALIDADES FORMATIVAS

#### 2.1.- CURSOS

CURSOS	HORAS	Nº ALUMNOS MÍN./MÁX.
<b>CURSO DE INGLÉS XERAL COMERCIO E TURISMO</b>	32 h.	5/15
<b>CURSO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS</b>	5 h.	5/15
<b>CURSO DE VENDA EN SUPERMERCADO</b>	36h.	5/15

#### 2.2.- PRÁCTICAS NON LABORAIS

Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas no laborais en empresas, estas serán obrigatorias.

O alumnado que non asista ao módulo de prácticas non levará diploma aínda que asista a tódolos módulos das clases teóricas.

### 3. REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR NOS CURSOS.

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas e inscritas como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia. No suposto que a totalidade de prazas nas accións formativas non se cubran con persoas en situación de desemprego, poderán ofertarse para súa cobertura a traballadores en activo, e se quedaran prazas, o resto dos solicitantes por orde de inscrición.
- Residir no Concello de Covelo (estas condicións acreditaranse mediante a comprobación Padrón Municipal de habitantes previa autorización da consulta polo interesado). Poderán participar residentes nos concellos limítrofes, previo pago do prezo público correspondente á actividade, si quedaran prazas vacantes non cubertas por residentes en Covelo segundo o previsto no parágrafo anterior.
- No caso de cursos conducentes a obtención de certificados de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos esixidos polos Reais Decretos de ditos certificados.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso aos cursos, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

### 4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

#### 4.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

Accederase o curso por orde de inscrición.

#### 4.2.- ENTREGA DE SOLICITUDES

4.2.1.-As persoas que estean interesadas en participar nas probas de selección deberán aportar a seguinte documentación:

- Solicitude de inscrición.
- DNI.
- Copia da demanda de emprego actualizada.



## Concello de Covelo

---

- Certificado ou volante de empadramento (solo para non empadroados/as).
- Xustificante ingreso taxas.

A documentación deberá entregarse no Rexistro das oficinas xerais do Concello de Covelo ou a través da sede electrónica na paxina web [www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es). As persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto con: **Concelleira de Formación e Emprego e co Auxiliar Desenvolvemento Local** Teléfono: 986 650 027 Ext 4 ou 1.

4.2.2.- Prazo de inscrición: Unha vez convocado o curso abrírase o prazo de inscrición que rematará o quinto día hábil anterior ó comezo do curso. O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

4.2.3.- Rematado o prazo e presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello a relación de candidatos admitidos, así como as persoas que queden en reserva e que poderán incorporarse ante baixas que se produzan, sempre que non houbera transcorrido o 20% das horas lectivas do curso. No caso de que a persoa seleccionada non estea interesada en realizar o curso deberá acudir as oficinas do Concello para firmar a renuncia ao mesmo.

### 5. FINANCIAMENTO

Os cursos fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 241.22606 do Orzamento municipal vixente, por un importe de 2.995 euros. Tódolos solicitantes deberán aboar no momento da inscrición o prezo público pola participación en cursos establecido na **Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola Prestación de Actividades Lúdicas, Recreativas, Culturais, Formativas e Deportivas**.

### 6. COBERTURA DO RISCO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO

O alumnado terá cuberto os riscos de accidentes que poderán producirse como consecuencia da asistencia aos cursos, así como na fase de prácticas non laborais nas empresas.

### 7. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

#### DEREITOS DO ALUMNADO:

- A recibir a formación teórico/práctica, segundo o programa do curso.
- A recibir o material didáctico necesario para a impartición do curso.
- A recibir un diploma acreditativo cando remate o curso con aproveitamento e asistise ao 80% das horas lectivas do curso.

#### DEBERES DO ALUMNADO:

- Asistir e seguir con aproveitamento o curso. Os alumnos poden ter **dúas faltas de asistencia ao mes sen xustificar**, si acumulan máis causarán baixa no curso. As faltas xustificadas e sen xustificar non poderán superar o 20% das horas lectivas, neste caso o alumno tamén causará baixa.
- Presentar os xustificantes das faltas ao docente.
- Participar no desenvolvemento das clases e non entorpecer o normal desenvolvemento do curso.
- Utilizar correctamente a maquinaria e medios didácticos, así como as instalacións dondo se imparte o curso.
- Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas en empresa, estas serán obrigatorias.
- Os/as alumnos/as que non asistan ao módulo de prácticas non levarán diploma aínda que asistiran a todos os módulos de clases teóricas.

### 8. CURSOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

Nos cursos conducentes á obtención de certificado de profesionalidade, os/as alumnos/as deberán pagar a taxa correspondente para a tramitación de dito certificado. Asemade, os/as alumnos/as deberán cumprir os requisitos sinalados nos Reais Decretos dos Certificados de Profesionalidade.

### 9. CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN



## Concello de Covelo

---

O Concello de Covelo expedirá o correspondente diploma ao alumnado que finalice o curso con aproveitamento e asista ao 80% das horas lectivas (presenciais) do curso, así como ás prácticas non laborais nos cursos en que se inclúan. No diploma figurarán o número de horas, o programa do curso, os módulos transversais e as prácticas non laborais. Cando unha persoa cause baixa por colocación e non teña dereito a diploma, expediráselle un certificado de asistencia no que figurarán as horas e os módulos aos que asistiu.

”**TERCEIRO.**- Aprobación do Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación no VIII Plan Municipal de Formación para o Emprego 2024.

**CUARTO.**- Ordenar a publicación da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE  
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

A SECRETARIA  
Asdo. M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Freire

(Documento asinado electronicamente)



## Concello de Covelo

### SOLICITUDE. ANEXO I

#### VIII PLAN DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE COVELO 2024

NOME E APELIDOS	
DNI	
DIRECCIÓN COMPLETA	
TELEFONO (obligatorio)	
CORREO ELECTRÓNICO (opcional)	

ESTUDOS MAIS ALTOS REMATADOS:		
DESEMPREGADO	SI	NO
		TEMPO APROX. EN DESEMPREGO
ESPECIFIQUE OUTRAS SITUACIÓN S (Traballando, xubilado, pensionista, estudante...)		
MARCAR OS CURSO	OBSERVACIÓN S/PROPOSTAS/SUXESTIÓN S RELATIVAS A ESTE CURSO E OS HORARIOS DE CELEBRACIÓN	
CURSO DE INGLÉS XERAL COMERCIO E TURISMO. Taxas: 12 € empadroados / 36 € non empadroados.		
CURSO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS. Taxas:3 € empadroados / 9 € non empadroados.		
CURSO DE VENDA EN SUPERMERCADO Taxas:12 € empadroados / 36 € non empadroados.		

**Nº CTA INGRESO: ES75 2080 5420 5431 1010 0012 OU NAS OFICINAS DO CONCELLO PAGO CON TARXETA BANCARIA**

OUTRAS PROPOSTAS DE FORMACIÓN PARA SUCESIVOS CURSOS	
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:	
	Orixinal D.N.I.
	Orixinal que acredita o/a como demandante de emprego (se fose o caso).
	Autorizo a Administración a comprobar no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Covelo.
	Certificado de vida laboral actualizado
	Xustificante ingreso taxas

SINATURA:

A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:	
	Empadroado/a
	Non empadroado/a

